



Parlamento das Letras: Arcadio López Casanova

Publicado o [09/01/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/01/09/parlamento-das-letras-arcadio-lopez-casanova/>

A figura de Arcadio López-Casanova antóllaseme a dun errabundo exiliado que cruza dende os primeiros da súa vida adulta un longo, longuísimoo deserto. E non só porque a súa poesía veña confirmalo —non hai máis que lembrar os propios títulos dalgunhas das súas obras—, senón porque rodea o personaxe unha sutil auréola de heroe antigo, sempre a purgar saben os deuses qué doridas memorias, qué infaustos tránsitos pasados nese seu desterro levantino que dura xa décadas.

Mais alén dese homérico fatum —ou xustamente por el, tanto ten—, hai no escritor lugués unha voz tan poderosa e vibrátil, tan fondamente abismal que avanzar nos seus textos convértese en non poucas ocasións nun tripar de osamentas de soños tronzados, de cadáveres de vellas ilusións nas que apenas se o amor é quen de servir de candeia entre tanta e tan mesta tebra.

A esperanza presentida e non sempre acadada, a palabra de honor á que un se debe, as liturxias do corpo e da ánima, a memoria das idades, os degaros da noitía, o tempo (des)posuído, as razóns que poden e deben dicirse, a caeira dos días que se suceden, todo é o herdo do canto, o mester da palabra que arde nos adentros e que o autor do Páramo deita nun murmurio de ladaíñas.

A verba sabia do profesor, a sentenza precisa do analista e a fita lucida do creador trenzan estas respostas que moito convén (re)ler.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Na imprenta Palacios, de Lugo, cursando o 6º do Bacharelato, publiquei un conto, “Tío Mingos”, cun fermoso prólogo do meu profesor de Literatura no instituto, D. Luís Quintela. Os primeiros poemas saíron na revista luguesa *Escritos* que, da man do citado profesor, fundamos no 1958 Marina Mayoral e mais eu.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

O poemario máis recoñecido foi, sen dúbida, *Mesteres*, que mesmo acadou entrar, en edición bilingüe, na colección de clásicos de Cátedra. Porén, foi un recoñecemento moi serodio, porque,

tras a súa saída (1976), e salvo illadas (e honrosas) excepcións, en Galicia foi acollido cun devastador silencio. A edición —cosa curiosa— esgotouse en poucos meses entre Valencia, Madrid, Barcelona e Galicia.

O máis desapercibido foi, logo, *Noite do degaro*, que —coido— despistou moito polo uso das formas neotrobadorescas, pero —entendo eu— intensamente desautomatizadas e ó servizo dunha moi especial vivencia epifánica do Amor. Nada diso se entendeu.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

O proceso meu de escrita de poemas é moi rápido (pero é moi delongado o proceso de maduración interior). Normalmente o poema nace enteiro e con poucas modificacións posteriores.

Para escribir necesito estar pechado no despacho, con moi pouca luz, escribir en folio branco e, segundo os casos, con tinta azul ou negra. Sempre a man, claro está.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Dos compañeiros xeracionais queridos e admirados (Novoneyra, Méndez Ferrín, Bodaño) e das voces amigas e importantes dos 80 (Tosar, Fernán-Vello, Valcárcel, Seoane...).

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Eu tentei sempre desenvolver o meu traballo literario de creación baixo dous principios permanentes: un, unha obra persoal, coherente, rigorosamente articulada; outro, unha escrita delongada, sen enganosas urxencias e allea á tentadora meiguice das modas. Quen só atende ás modas, falsease a si mesmo e —de seguro— nada significativo deixará logo.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Co paso dos anos, un adoita volver ás fontes máis fecundas e decisivas, e que máis incidiron no meu traballo. No caso da poesía, dos nosos están sempre presentes Rosalía e Pimentel; dos clásicos, Petrarca, San Juan de la Cruz ou Quevedo; da lírica moderna, Rilke, Perse, Eliot, Pound, Machado, Juan Ramón, Aleixandre, Riba. E, naturalmente, está a lectura dos compañeiros de xeración de loita, que sempre me acompañan e vivifican.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Vaile sobrando —paréceme— certa produción de literatura mol, obras *light* e funxibles (de usar e tirar), ó servizo de modas pasaxeiras. Fáltalle —e é unha falla importante— un panorama crítico rigoroso que, de verdade, estableza verdadeiras xerarquías e valores estético-literarios. Nin todo vale, nin todo vale o mesmo.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Gustárame rematar a miña obra poética cun poemario que fose un *cancioneiro amoroso* dedicado a Carmen, compañeira e guieira na miña vida. Dediqueille poemas —dos mellores, segundo creo, que escribín (coma “Liturxia do corpo”, por exemplo)—, pero fáltame ese desexado conxunto.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Coido que ten un desenvolvemento importante en todos os xéneros e formas, pero fáltalle aínda abrir fronteiras, ter incidencia e representación fóra dos nosos lindeiros. Un sistema literario no

só se ten que fortalecer internamente, senón tamén de cara ó exterior. Nese sentido, habería que potenciar moito as traducións (moi selectivas) a outras linguas (español, francés, inglés...) e potenciar —en ámbitos universitarios de fóra— as investigacións críticas sobre os nosos mellores e máis representativos autores.